

PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2012): “A fortuna da Historia Troiana petrística (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 15, pp. 119-130.

——— (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade (Dpto. Filoloxía Galega), 2 vols.

PASCUAL RODRÍGUEZ, Roberto (2013): *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 136.

“Eu son un home... un señor maior con sombreiro e bigote, que de xeito absolutamente irresponsable, persiste na estúpida teima de vivir por e para unha das profesións, hoxe en día, máis absurdas do mundo e sen embargo por iso máis grandiosas”¹. Non era un home, era o home. Neste estudo, Roberto Pascual rememora a traxectoria de Roberto Vidal Bolaño, unha das figuras máis sobranceiras do teatro galego contemporáneo. Esta obra ten como obxectivo fundamental a divulgación da produción teatral do dramaturgo compostelán ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 2013.

Roberto Pascual é licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Nesa mesma institución obtén o título de Posgrao en Arte Dramática e o DEA en Teoría da literatura e Literatura comparada. Actualmente é profesor na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia dende o ano 2009. Ademais do seu vínculo coa USC, Roberto Pascual tamén realizou traballos noutros organismos como o Instituto Cervantes ou a Universidade Complutense de Madrid. A súa actividade literaria é moi prolífica, sobre todo no eido ensaístico, xa que publica textos sobre as artes escénicas en diferentes obras e revistas a nivel mundial.

Neste estudo, Roberto Pascual realiza un itinerario literario e visual pola figura de Roberto Vidal Bolaño e analiza a pegada que este deixou na dramaturxia galega ata os nosos días. En escasas 130 páxinas o autor é quen de somerxerse no mundo interior de Vidal Bolaño e presentarlle o lector as facetas máis descoñecidas e os sentimentos máis recónditos do dramaturgo. A obra está dividida en catro capítulos, ademais dun limiar, unha escolma de textos e unha presentación diacrónica das pezas teatrais do autor.

Tras o limiar que pecha en si mesmo a presentación dos obxectivos, os agradecementos e o papel primeiro que xogou Vidal Bolaño nesta dramaturxia que estaba nacente, comeza “Do Antroido ao Aquí”, o primeiro e máis extenso capítulo desta obra (pp. 11-62). Nesta primeira parte, Roberto Pascual transita pola biografía do autor e por todos os compoñentes que influíron nesa primeira achega ó teatro. A historia da Compostela do seu tempo e a función que desempeñaban nela as súas xentes foi unha das súas grandes fontes de xuventude, xunto ó que lle proporcionaron outros organismos como a Compañía Ditea, a Asociación Fotográfica Compostela ou o Colectivo Lupa. As primeiras curtametraxes que enxeñou foron o resultado dese soño cinéfilo de mocidade que, desgraciadamente, se viu malogrado co peche da Escola Oficial de Cinematografía en Madrid a comezos dos anos setenta.

Mais probablemente foi o carácter teimudo de Vidal Bolaño o que conseguiu que non desbotara xamais as súas ambicións, polo que decidiu seguir facéndolle as beiras ó cine de forma autodidacta. Como explica Roberto Pascual na súa obra:

Quizais o gusto polo cine negro americano e polo western (...), a actividade cineclubista da xuventude e o achegamento á realidade parateatral galega (...) marcarán o destino do prolífico escritor (...). (p. 13).

Neste primeiro capítulo, o autor tamén destaca a importancia da asociación O galo de

¹ Cita extraída de S. Formoso no seu artigo “Os recunchos mais prezados por Roberto Vidal Bolaño e Brión” en *El Correo Gallego* (19/05/2013).

Compostela na primeira dramaturxia de Vidal Bolaño. En 1974, Vidal Bolaño toma conciencia definitiva sobre a literatura e a política da man de Antroido, grupo que funda xunto a Xaquín García Marcos.

A través da actividade de Antroido e co gallo das Mostras de Teatro de Ribadavia xurdiron algúns dos textos máis significativos do autor, entre os que destacamos *Laudamuco, señor de ningures* (1977) e *Bailadela da morte ditosa*, co que obtivo o Premio Abrente na última Mostra en 1980. Ademais da pegada que deixou na obra bolañesa o teatro de rúa e o teatro de feira, Roberto Pascual explica o influxo fundamental das vangardas escénicas e deixa entrever que Vidal Bolaño bebe directamente das fontes clásicas de Castelao e Otero Pedrayo, respectivamente, ademais de entroncar cos textos de Meierhold, de Brecht e de Piscator. No tempo de Antroido, o interese de Vidal Bolaño pola materia histórica literaturizada² aumenta e reflíctese nos seus propios *Percival e outras historias* de 1983 e *Xelmírez ou a gloria de Compostela* de 1999.

En 1984 aparece en escena o Centro Dramático Galego e con el un agasallo de sombras co que Vidal Bolaño non contaba. Roberto Pascual, partindo da controversia que xerou a primeira estrea do CDG, realiza a súa propia crítica contra o órgano de poder:

Estas son as novas facianas da censura democrática (...) perversidades que aínda hoxe se dan nese xogo pornográfico do poder contra as que o bufón Bolaño se arrepuxo ou ironizou grazas tamén ás moitas polémicas culturais do posterior goberno de Fraga (...). (pp. 32-33)

A década dos noventa supuxo, como explica Roberto Pascual, “un cambio de rumbo moi significativo na traxectoria de Vidal Bolaño” (p. 36) por mor da fundación do Teatro de Aquí xunto a Belén Quintáns e polo gran número de galardóns que obtivo durante este tempo. Como explica Roberto Pascual:

Cómpre dicir que na xustificación destes recoñecementos públicos non só se refire o legado dramático e a memoria da obra na súa tridimensionalidade enriba do palco (...), senón tamén a reflexión sobre o facer e a reivindicación e argumentación sobre as necesidades, condicións óptimas e melloras posibles para o progreso e a innovación dos creadores. (pp. 55-56)

A creación do Teatro do Aquí supuxo, como Roberto Pascual indica, “un avance de madurez na roda do sistema teatral galego” (p. 40) e un referente para o teatro galego de arestora. Finalmente, para concluír este primeiro apartado, o autor cita a obra póstuma *Integral*, considerada unha metáfora da existencia e, tamén, fai alusión á súa derradeira función, esa na que foi participe protagonista ós cincuenta e dous anos de idade.

O segundo capítulo desta obra ten por nome “Os monólogos e o oficio de bufón” (pp. 63-76) e preséntanos o papel que desempeñou o bufón Vidal Bolaño no teatro galego. Para comezar, o autor realiza un percorrido pola natureza do personaxe do bufón ó longo da historia e amenta directamente a dúas figuras fundamentais da dramaturxia internacional: Darío Fo e Leo Bassi. Tras unha breve introdución sobre a esencia do bufón, Roberto Pascual centra a súa explicación na obra *Sen ir máis lonxe* (1999), asinada por Vidal Bolaño. Nesta peza, un bufón dialoga cos restos mortais do Apóstolo Santiago e solicítalle que se poña o nariz de pallaso. Roberto Pascual expón a dualidade que presenta este texto segundo a intención informativa: documenta un receptor interno (o Apóstolo) e un receptor externo (o lector). O autor compara a intervención deste bufón de *Sen ir máis lonxe* co de *Caprice des dieux* (1985), que exhibe un ton máis visceral cando fai referencia a temas controvertidos de índole social. Este segundo capítulo remata cunha reflexión sobre a “maxia do bufón” e a súa función dentro da teatralidade.

O terceiro capítulo deste estudo titúlase “O oficio do escenógrafo e do director de escena”

² Vidal Bolaño interésase polos textos de Xosé Luís Méndez Ferrín (*Percival e outras historias*) e Daniel Cortezón (*Xelmírez ou a gloria de Compostela*) para a creación deses novos espectáculos de corte histórico.

(pp. 77-89) e nel Roberto Pascual explica os cometidos destes dous oficios e enmarca a figura de Vidal Bolaño no ámbito da escenografía. Ao igual que acontecía no capítulo precedente, o autor propón aquí unha dualidade baseándose na consideración do crítico Henrique Rabuñal, quen definiu a Vidal Bolaño como o arquitecto e peón do teatro galego. Como expón Roberto Pascual, “o arquitecto debe idear os lugares nos cales van a habitar ou desenvolver as súas actividades unha serie de persoas cunhas necesidades exclusivas e ten que integrar esa nova construción nun contexto determinado” (p. 78), mentres que o peón é “un escritor a pé de obra, un analista da evolución da montaxe, un estratega e moldeador da forma con que a idea se vai ofrecer á vista e ao ouvido do espectador” (*ibid.*). Tras esta realidade bipartita, Roberto Pascual realiza un percorrido por algunhas das obras máis recoñecidas de Vidal Bolaño e destaca nelas os elementos caracterizadores, xa sexan os recursos lumínicos como en *Días sen gloria* (1992) e *Animaliños* (2002), ou a maquillaxe grotesca de *Laudamuco, señor de ningures*. Finalmente, tras explicar minuciosamente en que consiste o traballo do director e do escenógrafo, Roberto Pascual reflexiona sobre a complexidade da posta en escena e destaca de Roberto Vidal Bolaño a absoluta solemnidade coa que exercía o seu oficio.

O cuarto e último capítulo desta obra ten como título “O oficio da crítica” (pp. 89-94) e nel Roberto Pascual describe a pegada crítica de Vidal Bolaño no ámbito da xornalística. Así mesmo, o autor explica que “a crítica cumpre varios papeis relevantes como elemento mediador entre os emisores e os receptores ou potenciais asistentes ás obras teatrais” (p. 89). A finalidade primeira da obra de Roberto Vidal Bolaño era entreter, moi entroncado co principio brechtiano de pracer a través do acceso e da ampliación do coñecemento. Por outra banda, Roberto Pascual reflexiona sobre a recepción da obra de Vidal Bolaño e afirma que a súa dramaturxia pode ser extrapolada ós contextos máis actuais. Finalmente, o autor sinala a faceta de espectador de Bolaño, que será determinante para a creación dunha dramaturxia propia e inigualable, e manifesta que “unha boa crítica sempre gañará interese para o lector” (p. 92),

polo que é necesario que o autor extraia do seu maxín todas as súas estratexias para innovar un novo teatro en lingua galega. Como expoñiamos anteriormente, tras a escolma de textos de *Ledañas pola morte do meco*, *Criaturas*, *A burla do galo*, *Doentes*, *Animaliños* e a presentación diacrónica das obras de Vidal Bolaño, finalmente cae o pano.

En *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro*, Roberto Pascual realiza un percorrido pola traxectoria de Vidal Bolaño reflexionando de forma madura e profunda sobre a biografía e a obra do compostelán e o que esta supuxo na modernización do teatro galego dos últimos anos da ditadura ata a actualidade. Para a creación deste estudo o autor non se basea nunha extensa bibliografía que sustente a súa proposta, senón que unicamente toma un pequeno feixe de obras como referencia e é quen de elaborar unha revisión de inxente calidade literaria e documental propia dun experto na materia. Por todo isto, consideramos que esta obra merece un total recoñecemento dentro da nómina crítica sobre Vidal Bolaño. Ademais de destacar o dominio lingüístico maxistral que constatamos nestas páxinas, queremos outorgarlle os máis sinceros parabéns ó autor por contribuír con este estudo a que a morte non eclipse xamais o sol que nos proporcionou Abrente.

Laura PIÑEIRO PAIS

PENA PRESAS, Montse e ENRÍQUEZ VELOSO, Gonzalo (2013): *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*. Vigo: Galaxia, 76 pp.

Co gallo do Día das Letras Galegas de 2013, dedicado a Roberto Vidal Bolaño, agromaron un gran número de textos que compendiaron vida e obra do escritor compostelán. Entre esas creacións destacamos a obra de Montse Pena: *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*, publicada por Galaxia. Este texto preséntanos unha realidade dual, xa que nel conflúen o documental de Gonzalo Enríquez Veloso e a obra ensaística de Montse Pena Presas. Neste caso centrarémonos na análise do texto escrito para elaborar esta recensión.